

## **OBXECTO DA CONTRATACIÓN:**

### **“SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA O ALUMADO PÚBLICO MUNICIPAL”**

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A SÚA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA.**

**1.-OBXECTO DO CONTRATO:** A contratación da **“SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA O ALUMADO PÚBLICO MUNICIPAL”**, conforme a este prego de cláusulas administrativas particulares (en diante **PCAP**), ao de prescricións técnicas (en diante **PPT**) e a oferta presentada polo contratista. En caso de discrepancia entre pregos, primará o sinalado no **PCAP**. A súa codificación, correspondente ao número de referencia do Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV) é **31000000-6, 31500000-1, 31681410-0, 31682000-0**

**2.-PRESUPOSTO MÁXIMO DA LICITACIÓN E FINANCIAMENTO:** Sinálase como orzamento máximo de licitación **CATORCE MIL OITOCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (14.867,05 €)**, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), o IVE ascende a **TRES MIL CENTO VINTE E DOUS EUROS CON OITO CÉNTIMOS (3.122,08 €)** e o orzamento máximo de licitación, co IVE, é de **DEZASETE MIL NOVECENTOS OITENTA E NOVE CON TRECE CÉNTIMOS (17.989,13 €)**.

Para atender as obrigas económicas que se deriven para o ente contratante do cumprimento deste contrato existe crédito suficiente no presuposto separado do Ente Público “Entidade Local” do Concello de Sanxenxo vixente con cargo á aplicación 16500 / 21300. A adxudicación quedará sometida a condición suspensiva de existencia de crédito suficiente para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do contrato.

**3.-RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS:** O contrato executarase a risco e ventura do contratista e non procederá a revisión de prezos.

**4.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR:** Poderán concorrer, por se ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar que enumera o art. 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

**5.-PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:** O contrato adxudicarase mediante mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración. A tramitación é ordinaria.

O órgano de contratación é a Alcaldía, por aplicación do estipulado na Disposición Adicional 2ª 1 e 2 do TRLCSP, ao tratarse dun contrato que non supera o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, nin a contía de **6.000.000,00 €**, sendo a súa duración non superior a 4 anos.

**6.-PRAZO PARA PRESENTAR PROPOSICIÓNS E LUGAR ONDE PRESENTALAS:** As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo (en diante Concello), das **9 ás 14 horas**, agás o sábado que será das **9 ás 13 horas**, en sobres pechados (que poderán ser lacrados e precintados), firmados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte, dentro do prazo de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante BOP), Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, **www.sanxenxo.es** (en diante perfil do contratante).

O cómputo de prazos comezará dende a última publicación en calqueira dos medios citados. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, ampliarase ao día seguinte hábil que non fose sábado.

Poderanse presentar, dentro do prazo citado no primeiro parágrafo desta cláusula, as propostas por correo, tendo o interesado que acreditar, no resgardo correspondente, a data de imposición do envío na OFICINA DE CORREOS, anunciando o mesmo día do envío e no horario citado ao comezo desta cláusula, ao órgano de contratación, por FAX, ao número **986721022**, a remisión da proposta. Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos **DEZ (10) DÍAS NATURAIS**, contados a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición remitida por correo.

**7.-DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS:** A presentación da proposta presupón a aceptación incondicional por parte do licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co ente contratante. As propostas constarán de **DOUS (2) SOBRES** pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar en cada un deles o seu contido, nome do licitador e a súa dirección, así como o número de teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico para a súa localización inmediata.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposta, individual ou

mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en mais dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar á desestimación de todas as proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No **SOBRE "A"** e baixo a denominación de "**DECLARACIÓN RESPONSABLE**", incluírase unha declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no anexo I deste prego, indicando que cumpre as condicións para facer este contrato co Concello e que, se recae ao seu favor á proposta de adxudicación, se compromete a presentar ante o órgano de contratación a documentación que se cita na **cláusula 13ª do PCAP**, no prazo que nesa cláusula se sinala. En todo caso o órgano de contratación, a efectos de garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar en calqueira momento anterior a proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato.

No **SOBRE "B"** e baixo denominación "**OFERTA. CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE**", realizarase a oferta de acordo co modelo que figura no anexo II deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta aos criterios de prezo e prazo para a selección do contratista que figura na **cláusula 8ª** deste prego, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

**8.-CRITERIO DE ADXUDICACIÓN AVALIABLE MATEMÁTICAMENTE:**  
Será o seguinte que se valorará e ponderará como a continuación se sinala:

**-Prezo:** Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o presuposto máximo de licitación, co IVE, (17.989,13 €), que figura na cláusula 2ª deste Prego. Valorarase ata un máximo de **OITENTA E CATRO (84) PUNTOS**. Para a determinación da puntuación que, no seu caso, corresponda a cada oferta calcularase, no primeiro lugar, a porcentaxe de baixa a que correspondería a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do R.D. 1098/2001, polo que se aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXC). A continuación calcularase a porcentaxe de baixa de cada unha das ofertas presentadas. As ofertas que igualasen ou superasen a referida porcentaxe de baixa terán a puntuación máxima por este criterio, o resto obterán a puntuación proporcional que corresponda entre a súa porcentaxe de baixa e a porcentaxe de baixa a que corresponda a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do RXC. As porcentaxes e as puntuacións calcularanse con dous decimais. As ofertas que non baixen do prezo tipo puntuaran **CERO (0)** por este criterio. No caso de que o licitador non o puntualizara entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.



- **Prazo: Reducción do prazo de suministracion**. Ata un máximo de **DEZASEIS (16) PUNTOS**. A estes efectos os licitadores deberán presentar na súa proposición, no Anexo II, que presentarán no sobre B, a redución do prazo en días, respecto ao máximo de execución previsto no presente Prego (8 DÍAS HÁBILES). A estes efectos computarase a razón de dous (2) puntos por día.

**9.-MESA DE CONTRATACIÓN:** A presidirá a Sra. Alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue e, de conformidade coa Disposición Adicional 2ª do TRLCSP, asistirán, en calidade de vocais, dous concelleiros/as nomeados polo Alcaldía, o Secretario da Corporación e o Interventor como vocais. Actuará como Secretario un funcionario/a designado pola Alcaldía. A composición da Mesa de Contratación (en diante Mesa) publicarase no perfil do contratante cunha antelación mínima de **SETE (7) DÍAS NATURAIS** con respecto a súa data de constitución. A Mesa poderá solicitar asesoramento externo para a avaliación dos proposicións presentadas.

**10.-CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN, APERTURA DO SOBRE "A" E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO MESMO:** Concluído o prazo de presentación de proposicións e coa documentación presentada conforme ao disposto neste prego, a Mesa constituirase, en sesión non pública, no salón de sesións do Concello, ás **DEZ (10) HORAS** do **PRIMEIRO DÍA HÁBIL** seguinte ao da data de finalización do prazo de presentación de proposicións ou da presentación da última proposición enviada por correo se, previamente, se comunicase a remisión de proposicións por este medio no sentido indicado na **cláusula 6ª do PCAP**. No caso de que este día coincidise en sábado ou nun día inhábil, a sesión constitutiva da Mesa celebraríase o seguinte día hábil na mesma hora e lugar. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de distintos procedementos de adxudicación, as reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguirán, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado. Nesta primeira reunión a Mesa, logo de constituírse, procederá á apertura do **SOBRE "A"** e á cualificación da documentación aportada polos licitadores no mesmo.

***Se a Mesa observase defectos ou omisións subsandables na documentación presentada no SOBRE "A", comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica e procederá a publicalo no perfil do contratante, concedendo un prazo de DOUS (2) DÍAS NATURAIS, contado a partir da práctica da comunicación ou da publicación no perfil do contratante, para que os licitadores corrixan ou emenden os defectos ou omisións. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil que non fose sábado.***

**11.-CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO SOBRE "A", POSTA EN COÑECEMENTO DA CUALIFICACIÓN E APERTURA DO SOBRE "B":**

A sesión onde se realizarán os actos sinalados no enunciado desta cláusula terá carácter público, agás no que respecta á cualificación definitiva da documentación presentada no **SOBRE "A"** e celebrarse na sala de xuntas do **Concello**, ás **DEZ (10) HORAS** do **TERCEIRO DÍA HÁBIL** seguinte ao da data de finalización do prazo de presentación de proposicións ou da presentación da última proposición enviada por correo se, previamente, se comunicase a remisión de proposicións por este medio no sentido indicado na **cláusula 6ª** deste prego, agás o suposto de coincidencia coa finalización do prazo citado no derradeiro parágrafo da cláusula anterior, caso no que a reunión sería o día hábil seguinte que non fose sábado a mesma hora, publicándose o correspondente anuncio no perfil do contratante en data anterior a da celebración da sesión. No caso de que coincidise en sábado ou nun día inhábil, esta sesión celebraríase o seguinte día hábil que non fose sábado na mesma hora e lugar. No suposto de que a data da celebración desta sesión coincidise en venres a reunión será ás **NOVE (9) HORAS**. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de distintos procedementos de adxudicación, as reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguiran, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado.

No suposto da existencia de defectos ou omisións subsandables a reunión da Mesa, comezará coa cualificación definitiva da documentación presentada no **SOBRE "A"** e o pronunciamento expreso sobre os admitidos a licitación, os rexeitados e as causas do rexeitamento e, a continuación, a Mesa dará conta dos incidentes da citada cualificación. No caso de que non existisen defectos ou omisións subsandables a reunión da Mesa comezará directamente coa dación de contas da cualificación.

A reunión proseguirá coa apertura do **SOBRE "B"** e a lectura das proposicións formuladas neles, e a reunión proseguirá, con carácter non público, e a Presidencia da Mesa, invitará aos asistentes que non sexan membros dela, a ausentarse da sesión, comunicándoos que no prazo que determine a propia Presidencia, segundo o número de ofertas presentadas, os criterios a empregar e a complexidade da súa aplicación, que se indicará tamén nese momento e que non poderá exceder de **DUAS (2) HORAS** e, logo de que a Mesa realice as operacións descritas no parágrafo posterior, a sesión volverá ter carácter público.

A Mesa procederá, mediante a aplicación automática do criterio descrito na **cláusula 8ª** deste prego, á valoración da documentación incluída no **SOBRE "B"** e a determinación da puntuación total mediante a suma das valoracións outorgadas aos dous criterios, clasificando todas as propostas na orde decrecente de maior a menor puntuación.

No suposto de que non houberse asistentes que non formen parte da Mesa, na posta en coñecemento da documentación incluída no **SOBRE "B"**, a reunión continuará, con carácter non público, ata que a Mesa realice as operacións descritas con anterioridade dentro desta cláusula e, unha vez efectuadas, sen necesidade de respectar ningún prazo, reanudarase a sesión con carácter público e procederase conforme ao sinalado nos parágrafos seguintes desta cláusula.

Reanudada a sesión con carácter público, unha vez transcorrido o prazo anunciado pola Presidencia, polo Secretario da Mesa darase lectura á valoración total das ofertas, informando que se formulará proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta con maior puntuación total. En caso de existir empate nas ofertas, decidirase a oferta sobre a que se formulará proposta de adxudicación mediante sorteo que se celebrará ante a Mesa nese mesmo acto e con carácter público.

A continuación polo Secretario da Mesa invitarase aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas contra o acto celebrado, as cales deberán formularse por escrito no prazo máximo de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES** seguintes á celebración desta sesión e que se dirixirán ao órgano de contratación.

Finalmente a Mesa finalizará, con carácter non público, coa proposta de adxudicación do contrato ao licitador que presente a proposta con maior puntuación total.

## **12.-OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS:**

Unha vez realizada a valoración pola Mesa, o órgano de contratación procederá a apreciar se existen valores desproporcionadas ou anormais nas ofertas, utilizando, para o prezo, os criterios establecidos no art. 85.1 ao 4 do RXC. Se o órgano de contratación entende que a proposición máis valorada podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto no art. 152.3 do TRLCSP.

## **13.- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, INCLUÍDA A GARANTÍA:**

O órgano de contratación requirirá, para que presente no prazo de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, a documentación que se cita nos seguintes parágrafos, ao licitador proposto pola Mesa sempre que a súa oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal, suposto que, de darse, provocará que o órgano de contratación a exclúa e faga o requirimento a favor da seguinte proposición coa puntuación máis elevada, sempre que poida cumprirse a satisfacción da Administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia

esixidos para contratar coa Administración (documentación correspondente a todos os puntos agás o 7º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), será o da finalización do prazo de presentación de las proposiciones e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.

Os documentos a presentar son os seguintes que deberán ser orixinais, non obstante admitiranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais:

1.-Acreditación da personalidade xurídica do licitador:

Escritura de constitución ou modificación inscrita, se é o caso, no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

Documentación acreditativa das condicións de capacidade citadas na **cláusula 4ª do PCAP**.

2.-Acreditación da representación de quen actúa en nome do licitador (aplicable a todos os casos, agás aquel no que o licitador sexa unha persoa física e actúe por se mesma): Poder notarial bastantado polo Secretario Xeral do ente contratante.

3.-Declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo III do PCAP**, de non se encontrar dentro das prohibicións para contratar establecidas no art. 60 do TRLCSP: Esta declaración deberá referirse a mesma persoa xurídica e aos seus administradores e incluírá expresamente a circunstancia de encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Sanxenxo (en diante Concello), co Estado e coa Seguridade Social.

4.-Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira: Acreditarase de acordo ao artigo 75 1. a) do TRLCSP. Neste senso os licitadores deberán presentar **o volumen anual de negocios, ou ben o volumen anual de negocios no ámbito** ao que se refire o presente contrato, referido aos **TRES (3) últimos exercizos disponibles, por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación: 14.867,05 € sen IVE**

5.-Rexistro de licitadores: A inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de





Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximirá aos licitadores de presentar a documentación esixida neste sobre correspondente aos puntos 1, 2, 3 e 4. Deberá acreditarse mediante unha certificación expedida polo Rexistro de que se trate acompañada dunha declaración responsable, conforme ao modelo que figura no **anexo IV** deste prego, do licitador na que se manifieste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

6.-Acreditación da solvencia técnica e profesional mediante **unha relación de subministracións relacionadas co obxecto deste contrato, en contía igual ou superior a 44.601,15 €, sen incluír o IVE**, realizados no curso dos **CINCO (5) ANOS** anteriores a data finalización do prazo de presentación de ofertas desta licitación, que inclúa importe, datas e destinatario público ou privado dos contratos. Acreditarse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. No caso de non aportar para unha subministración da relación este certificado, coas precisións que se citan anteriormente, non computará para acreditar a solvencia técnica.

7.-Unións temporais de empresarios: Dous ou máis empresarios poderán presentar propostas conxuntas de licitación constituíndo unha unión temporal de conformidade co establecido no art. 59 do TRLCSP, debendo acreditar cada un a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos seus integrantes, cos nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de ser adxudicatarios do contrato e designar a persoa que será o seu representante ante o ente contratante. No suposto de resultar adxudicataria deberán acreditar a constitución da unión temporal en escritura pública e presentar o Código de Identificación Fiscal da unión temporal no prazo dos **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación e a súa duración coincidirá coa do contrato e ata a súa extinción. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante do ente contratante.



8.-Empresas non españolas:

a) Acreditación da capacidade:

a-1) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): Acreditarase mediante declaración xurada de estar habilitadas para realizar a prestación de que se trate de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas. Cando dita lexislación esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate deberán acreditar o cumprimento deste requisito.

a-2) Empresas non españolas non incluídas no apartado anterior: Acreditarase mediante a seguinte documentación:

Informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no art. 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.

b) Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois: Comprenderá os xulgados e tribunais de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, coa renuncia do foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

Os documentos que se acompañen deberán ser orixinais, non obstante admitiranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

9.-Xustificación acreditativa de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias (Imposto sobre Actividades Económicas –en diante IAE-, Estado, e Concello) e coa Seguridade Social. No que respecta ao IAE presentátese a alta, referida ao exercizo corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, abondará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En todos os demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes.

**10.-Garantía definitiva do 5% do importe total do orzamento máximo de licitación (17.989,13 €), excluído o IVE.**

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado

entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte coa puntuación mais elevada, sempre que esta última oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal.

**14.-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:** O órgano de contratación, dentro do prazo dos **CINCO (5) DIAS HÁBILES** seguintes á recepción da documentación requirida na cláusula anterior, adxudicará motivadamente o contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

O acordo de adxudicación notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante. Na notificación individual indícase o prazo no que debe procederse a formalización do contrato. Faise constar que o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no art. 59.4, da Lei 30/1992, do 26 de novembro é de **CINCO (5) DIAS**.

**15.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO:** A Administración e o contratista deberán formalizar o contrato en documento administrativo que se axuste, con exactitude, ás condicións da licitación, dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o anterior dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa.

**16.-DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:** O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso coa ocasión da execución do contrato. A Administración non poderá divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designen como confidencial. A estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que dean ese carácter.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co art. 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD). O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incurrir. O adxudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do

contrato, estarán suxeitos ao estricto cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar, na súa integridade, a LOPD e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Vixésimo Sexta do TRLCSP.

**17.-DURACIÓN DO CONTRATO E MODIFICACIÓNS DO MESMO:** O contrato terá unha duración máxima de **OITO (8) DÍAS HÁBILES**, a contar dende o día seguinte ao da sinatura do contrato.

Non se prevén modificacións do contrato neste prego, motivo polo que tan só poderán efectuarse cando concorra algunha das circunstancias enumeradas no art.107 do TRLCSP, que terán que xustificarse axeitadamente polo órgano de contratación e seguindo o procedemento do art. 108 do TRLCSP en relación co art. 211 do mesmo texto legal. Ademais, se experimenta variación o prezo do contrato, deberá reaxustarse a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado no prazo de **QUINCE DÍAS (15) NATURAIS** contado dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación. De conformidade cos arts. 156 e 219.2 do TRLCSP, as modificacións deberán formalizarse en documento administrativo.

**18.-RESPONSABILIDADE NA EXECUCION DO CONTRATO:** O contratista obrígase a cumprir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, de seguridade e hixiene na execución do contrato e calquera outra de obrigado cumprimento. Así mesmo o contratista asumirá a responsabilidade civil, administrativa ou penal que lle puidese corresponder como consecuencia da execución do contrato.

**19.-PENALIDADES:** Imporanse penalidades ao contratista cando incorra en algunha das causas previstas a continuación:

a) **Por cumprimento defectuoso e demora:** Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incurrixe en demora respecto do prazo total ou dos prazos parciais de cumprimento do contrato.
- Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.



- En todo caso a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.
- b) **Por incumplir criterios de adxudicación.** Imporanse ao contratista penalidades por incumplir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:
- Se durante a execución do contrato se apréciase que, por causas imputables ao contratista, incumpríuse algún/s dos compromisos asumidos na súa oferta.
  - Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultará que a súa oferta non houbera sido a mellor valorada.
  - Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

**20.-ABOAMENTO DO PREZO:** O contratista terá dereito ao abono da subministración efectuada, unha vez se asine a correspondente Acta de entrega de todo o material a subministrar, mediante a presentación da factura correspondente, co IVE incluído, debidamente informada polos servizos correspondentes e a conformidade á mesma do responsable do contrato segundo o disposto neste prego.

A factura deberá reunir os requisitos da factura electrónica, de acordo co disposto na Lei 25/2013 e deberá estar rexistrada correctamente no portal de entrada do Estado (FACE),

Reunidos todos os requisitos anteriores, e previo o correspondente informe de fiscalización, a factura será aprobada por parte do órgano de contratación.

**21.-CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATAÇÃO:** Estarase ao disposto nos arts. 226, 227 e 228 do TRLCSP.

**22.-EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO:** Ademais do suposto do cumprimento do contrato, este extinguirase pola súa resolución, sendo as causas as previstas nos arts. 223 e 299 do TRLCSP, que acordarase na forma prevista no art. 224 do TRLCSP e cos efectos citados nos arts. 225 e 300 do TRLCSP. Será causa específica de resolución do contrato o incumprimento por

parte do contratista das obrigas asumidas na oferta.

**23.-PRAZO, DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA:** O prazo será de DOUS (2) ANOS DENDE A DATA DE RECEPCIÓN DO MATERIAL A SUMINISTRAR.

A estes efectos, a Administración contratante e o adxudcatario do contrato deberá asinar unha Acta de entrega.

Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos á subministración prestada quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Durante o período de garantía o contratista queda obrigado a emendar, a súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo co establecido no presente prego.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultasen responsabilidades a exercer sobre a garantía e transcorrido o prazo desta, dítarase acordo de devolución ou cancelación daquela. Unha vez finalizado o prazo de garantía sen que a liquidación do contrato se realizase por causas non imputables ao contratista, procederase, sen mais demora, a devolución ou cancelación da garantía unha vez depuradas as responsabilidades ás que se refire o art. 100 do TRLCSP.

**24.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA:** Serán da súa conta os seguintes gastos:

- a) Os tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como a obter as licenzas e autorizacións necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente.
- b) Asumir o pago do IVE.
- c) Os gastos dos anuncios da licitación no DOG e no BOP e os gastos do anuncio da formalización do contrato, ata un máximo de **TRES MIL (3.000,00) €**.

**25.-RESPONSABLE DO CONTRATO:** A efectos do disposto no art.52 do TRLCSP o responsable do contrato será o/a concelleiro/a que ostente ao longo da duración do contrato, a concellería de sevizos xerais e medio ambiente e no seu defecto a concellería de economía facenda e emprego.

**26.-REXIME XURÍDICO:** O contrato que regula as presentes cláusulas ten carácter administrativo e, como tal, as partes sométense á lexislación de contratos das administracións públicas (TRLCSP, RXC e R.D.817/2.009, do 8 de maio); supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveranse polo órgano de contratación, acordos que poñerán fin á vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto pola lei reguladora desta xurisdicción, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Sanxenxo, 25 de febreiro de 2.015.

A alcaldesa



  
Catalina González Bea



## ANEXO I

### **MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE AS CONDICIÓNIS ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR CO CONCELLO DE SANXENXO. (incluír no SOBRE "A")**

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----  
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---  
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa  
proposta para participar no procedemento de contratación do  
**"SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA O ALUMADO  
PÚBLICO MUNICIPAL"**, **DECLARO** o seguinte:

- Que o licitador cumpre coas condicións establecidas legalmente para ser adxudicatario deste contrato co Concello de Sanxenxo e comprométese, no suposto de ser o licitador proposto para a adxudicación, a entregar a documentación acreditativa do cumprimento que figura detallada na cláusula 13ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no prazo que nesa mesma cláusula se establece. Así mesmo o licitador comprométese a entregar a documentación citada na cláusula 13ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares en calqueira momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, en caso de ser requerido para iso polo órgano de contratación.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

## ANEXO II

### MODELO DE OFERTA A INCLUIR NO SOBRE "B" (CRITERIO DE ADXUDICACIÓN AVALIABLE MATEMÁTICAMENTE)

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación do **"SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA O ALUMADO PÚBLICO MUNICIPAL"** comprométese a prestalo con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao de prescricións técnicas e a presente oferta que axústase ao criterio de adxudicación fixado na cláusula 8ª do prego de cláusulas administrativas particulares, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

- **Reducción do prazo de sumministracion.** Ata un máximo de **DEZASEIS (16) PUNTOS**. A estos efectos os licitadores deberán presentar na súa proposición a redución do prazo en días hábiles, respecto ao o máximo de execución previsto no presente Prego (8 DÍAS HÁBILES).

- **Prezo:** Ofrezco a prestación da sumministración: **"SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA O ALUMADO PÚBLICO MUNICIPAL"** polo seguinte prezo que expresa o orzamento máximo de licitación, co Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), que non supera o sinalado na cláusula 2ª deste prego (**17.989,13** Euros):

Sen IVE \_\_\_\_\_ (en número e letra) €

IVE \_\_\_\_\_ (en número e letra) €

Total co IVE \_\_\_\_\_ (en número e letra) €

O que supón a seguinte baixa total respecto do orzamento de licitación, incluído o IVE de \_\_\_\_\_ (en número e letra) €.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

### ANEXO III

**MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR PROPOSTO PARA A ADXUDICACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR. (A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato)**

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, como licitador proposto para a adxudicación do contrato de **"SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA O ALUMADO PÚBLICO MUNICIPAL"**, **DECLARO** o seguinte:

- Que nin o licitador nin, no seu caso, os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público Lei 30/07.
- Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias no senso establecido no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXC), incluído o non ter co Estado e co Concello de Sanxenxo débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de que non proceda a utilización da vía de apremio segundo o disposto no apartado d) da disposición citada neste parágrafo, non ter débedas non atendidas en período voluntario.
- Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social no senso establecido no artigo 14 do RXC.

(Lugar, data e sinatura do licitador)



#### ANEXO IV

**MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DA NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS INCLUÍDAS NA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE LICITADORES. (A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato e que esté inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia)**

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, como licitador proposto para a adxudicación do contrato de **"SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA O ALUMADO PÚBLICO MUNICIPAL"**, **DECLARO** o seguinte:

- Que as circunstancias reflectidas no certificado acreditativo de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores (Estado/Comunidade Autónoma de Galicia) que se acompaña non experimentaron variación dende a data da súa expedición.

(Lugar, data e sinatura do proponente)